

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN CONTINUADA DOS/AS INTEGRANTES DO PODER XUDICIAL "ESCOLA DE VERÁN DO PODER XUDICIAL", ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A XUNTA DE GALICIA PARA O ANO 2022

Esta Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de dotación de medios persoais, económicos e materiais ao servizo da Administración de Xustiza, á promoción e o desenvolvemento do dereito civil de Galicia, á demarcación e planta xudicial, notarial e rexistral, e ao acceso da cidadanía á xustiza en igualdade de oportunidades, tal e como establece o Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos continuar a colaboración entre o Poder Xudicial, a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia nas actividades de formación e perfeccionamento para membros da carreira xudicial con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Antecedentes:** O 22 de abril de 1991 as dúas partes levaron a termo un protocolo de convenio de colaboración en materia de formación dos membros da carreira xudicial con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, no cal quedaron asentadas as bases da colaboración entre ambas as dúas institucións na materia.

Ambas as partes no ano 1997, e co propósito de intensificar a súa colaboración estendéndoa a outros programas de formación continua dos integrantes da carreira xudicial que prestan servizos fóra do territorio desta comunidade autónoma, acordaron pór en marcha un programa de formación continua destinado a todos os integrantes da carreira xudicial, baixo a denominación específica de Escola de Verán do Poder Xudicial, que se realizaría na Comunidade Autónoma de Galicia coa colaboración da Xunta.

Esta iniciativa veuse desenvolvendo con notable éxito durante os anos 1997 a 2019 e 2021, subscribíndose para o efecto os correspondentes convenios anuais nos que se desenvolvía a colaboración entre as dúas institucións citadas e a Deputación Provincial da Coruña.

**Finalidade:** Para os efectos sinalados, vaise formalizar co Consello Xeral do Poder Xudicial e coa Deputación Provincial da Coruña, un convenio de colaboración por un período de vixencia que



abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento polas partes dos deberes asumidos, pero en ningún caso excederá o 31 de decembro de 2022.

O obxecto deste convenio é desenvolver o contido concreto da colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial (por medio da Escola Xudicial), a Xunta de Galicia (a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo) e a Deputación Provincial da Coruña co obxecto de levar a cabo o programa de formación continuada "Escola de Verán do Poder Xudicial", destinado a todos os integrantes da carreira xudicial, e establecer un plan de actuación conxunta cos programas, proxectos e actividades que se programen dentro da Escola de Verán do Poder Xudicial.

O instrumento convencional que se vai asinar fundaméntase no seguinte:

O Consello Reitor da Escola de Verán do Poder Xudicial asumirá a organización e xestión material de todas as actividades de formación e perfeccionamento que se desenvolvan no ámbito deste convenio.

A cantidade máxima da achega da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo será de vinte e cinco mil euros (25.000 €), con cargo á aplicación 05.22.131A.226.06 que consta na Lei dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura electrónica.

O director xeral de xustiza

Juan José Martín Álvarez

